

## **ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

### **Capítulo I. Feito imponible.**

#### Artigo 1

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesta a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.
2. O título a que se refire o apartado anterior será todo feito, acto ou contrato, calquera que sexa a súa forma, que orixine un cambio do suxeito titular das facultades dominicais de disposición ou aproveitamento sobre un terreo, teña lugar por ministerio da lei, por actos mortis-causa ou inter-vivos, a título oneroso ou gratuito.

#### Artigo 2

Terán a consideración de terreos de natureza urbana, o solo clasificado polo planeamento urbanístico como urbano; os terreos que teñan a consideración de urbanizables segundo o planeamento e estean incluídos en sectores, así como o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva, e o que reúna as características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre Réxime de Solo e Valoracións. Terán a mesma consideración aqueles solos nos que poidan exercerse facultades urbanísticas equivalentes ós anteriores segundo a lexislación autonómica.

Exceptúase da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmuebles de características especiais.

#### Artigo 3

1. Non están suxeitas a este imposto e, por tanto, non debeñan o mesmo, as transmisións de terreos de natureza urbana que se realicen con ocasión de:
  - a) As operación de fusión ou escisión de empresas, así como das aportacións non dinerarias de ramas de actividade, ás que resulte aplicable o réxime tributario establecido no Capítulo VIII do Título VII do texto refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades, aprobado por Real Decreto Legislativo 4/2004, de 5 de marzo, a excepción das relativas a terros que se aporten ó amparo do previsto no artigo 94 do citado texto refundido cando non se atopen integrados nunha rama de actividade
  - b) As operación relativas ós procesos de adscrición a unha Sociedade Anónima Deportiva de nova creación, sempre que se axusten plenamente ás normas previstas na Lei 10/1990, de 15 de outubro e Real Decreto 1084/1991, de 5 de xullo

- c) A constitución da Xunta de Compensación por aportación dos propietarios da Unidade de Execución, no caso de que así o dispuxeran os Estatutos, ou en virtude de expropiación forzosa, e as adxudicacións de solares que se efectúen a favor dos propietarios membros de ditas xuntas e en proporción aos terreos incorporados por aqueles, conforme ó artigo 159 do texto refundido de 26 de xuño de 1992 sobre Réxime do solo e Ordenación Urbana
- d) As aportacións de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición ó imposto nos supostos de transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial

- 2. Tampouco estará suxeito ó imposto o incremento de valor que experimenten os terros que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles. En consecuencia con elo, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos de dito Imposto sobre Bens Inmobles, con independencia de que estén ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón de aquel. Ós efectos deste imposto, estará asimesmo suxeito a éste o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

## **Capítulo II. Exencións**

### Artigo 4

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume
- b) As transmisións de bens que, nas condicións establecidas no presente artigo, se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural segundo o establecido na Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español. A tal efecto, os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acreditarán ter realizado ó seu cargo e costeadas obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles. En ningún caso terán a consideración de obras de conservación, mellora ou rehabilitación aquelas cuxa realización teña suposto a demolición total do inmovible ou o seu vaciado interior, aínda que se conserve a fachada.

Para poder disfrutar deste beneficio fiscal o suxeito pasivo deberá acreditar os seguintes extremos:

- A declaración individual de interese cultural mediante invocación da norma de

- rango suficiente en que conteña ou a súa situación dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior
- Que a licencia municipal de obras tivera sido expedida nos dez anos anteriores á data da transmisión, acompañando licencias ou permisos necesarios para levalas a cabo e certificado de fin de obra
- Que o importe satisfeito polas obras sexa superior ó 25% do valor catastral do inmovible no momento do decheño do imposto e se refira a elementos estruturais ou outros elementos común do inmovible

Os propietarios non poderán ser empresas cuxo obxecto social estea relacionado coa construción, rehabilitación ou adquisición de inmovibles para a súa promoción e venda

- Que tiveran aboado o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a taxa por expedición da licencia de obras correspondente

#### Artigo 5

Están exentos deste imposto, asimesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a obriga de satisfacer aquél recaiga sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado e os seus Organismos Autónomos
- b) A Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, así como os Organismos Autónomos de carácter administrativo de todas as entidades expresadas
- c) O Concello de Ribadeo e as Entidades Locais integradas no mesmo ou que formen parte de él, así coma os seus respectivos Organismos Autónomos de carácter administrativo
- d) As institucións que teñan a calificación de benéficas ou de benéfico-docentes
- e) As Entidades xestoras da Seguridade Social, e as Mutualidades de Previsión social, reguladas no texto refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, aprobado por Real Decreto Legislativo 6/2004 de 29 de outubro
- f) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto ós terreos afectos a éstas
- g) A Cruz Vermella Española
- h) As persoas ou Entidades a cuxo favor se teña recoñecido a exención en Tratados ou Convenios internacionais
- i) As entidades sen fins lucrativos e aquelas outras entidades recollidas na Lei 49/2002, de 23 de decembro, nos supostos e cos requisitos que a citada Lei e o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das mencionadas entidades aprobado por Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, establecen.

### **Capítulo III. Suxeitos pasivos**

#### Artigo 6

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:
  - a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou

- a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate
- b) Nas transmisións de terreos ou na constituición ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que transmita o terreo, ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate
2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

## **Capítulo IV. Base imponible**

### **Sección 1ª. Base imponible**

#### Artigo 7

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do deveción e experimentado ó longo dun periodo máximo de 20 anos.
2. Para determinar o importe do incremento a que se refire o apartado anterior aplicarase sobre o valor do terreo no momento do deveción a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante os que se tivera xerado dito incremento.
3. A porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de multiplicar o número de anos expresado no apartado 2 deste artigo pola correspondente porcentaxe anual, que será:
  - a) Para os incrementos de valor xerados nun periodo de tempo comprendido entre un e cinco anos: 3,25%
  - b) Para os incrementos de valor xerados nun periodo de tempo de ata dez anos: 3,05%
  - c) Para os incrementos de valor xerados nun periodo de tempo de ata quince anos: 2,87%
  - d) Para os incrementos de valor xerados nun periodo de tempo de ata vinte anos: 2,74%
4. Aos efectos de determinar o periodo de tempo en que se xenere o incremento de valor, tomaranse tan só os anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate ou da constituición ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre o mesmo e a produción do feito imponible deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano.

En ningún caso o periodo de xeración poderá ser inferior ó ano.

#### Artigo 8

Cando o terreo tivera sido adquirido polo transmitente por cuotas ou porcións en datas diferentes, consideraranse tantas bases impositibles como datas de adquisición tiveran sido, establecéndose cada base na seguinte forma:

- a) Distribuirase o valor do terreo proporcionalmente á porción ou cuota adquirida en cada data
- b) A cada parte proporcional se lle aplicará a porcentaxe de incremento correspondente ó período respectivo de xeración do incremento de valor

## **Sección 2ª. Valor do terreo**

### Artigo 9

1. Nas transmisións de terreos, o valor dos mesmos no momento do deveción será o que teña fixado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbiles
2. Non obstante o establecido no párrafo anterior, cando dito valor sexa consecuencia dunha Ponencia de Valores que non reflexe modificacións de planeamento aprobadas con anterioridade, procederase a liquidar provisionalmente o Imposto con arreglo ó mesmo. A liquidación definitiva practicarase sobre o valor dos terreos obtido conforme ós procedementos de valoración colectiva que se leven a cabo, referido ó momento do deveción.
3. No caso de que o terreo, sendo de natureza urbana, ou pertenza a un ben de características especiais, non teña fixado valor catastral no momento do deveción do imposto, a Administración Municipal procederá a practicar liquidación cando o citado valor catastral sexa fixado.

### Artigo 10

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce, limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, o seu valor verá determinado por aplicación, sobre o valor definido no artigo anterior, da porcentaxe calculada segundo as regras seguintes:

- a) No 2 por cento cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70 por cento
- b) Se o usufructo fose vitalicio, un 70 por cento para o caso de que o usufructuario tivese menos de 20 anos, minorándose esta cantidade nun 1 por cen por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite mínimo do 10 por cento
- c) Se o usufructo se establece a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a 30 anos, consideraranse como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivaldrá ó 100 por cento do valor do terreo
- d) Cando se transmita un dereito de usufructo xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras a), b) e c) anteriores aplicaranse sobre o valor catastral do terreo ó tempo de dita transmisión
- e) Cando se transmita o dereito de nuda propiedade o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado este último segundo as regras anteriores

- f) Os dereitos de uso e habitación estimaranse ó 75 por cento dos usufructos temporais ou vitalicios, segundo as regras que corresponderan precedentes
- g) Na constitución ou transmisión de calesquera outros dereitos reais de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados nas letras a), b), c), d) e f) deste artigo e no seguinte considerarase como valor dos mesmos, ós efectos deste imposto:
  - O capital, precio ou valor pactado ao constituilos, se fose igual ou maior co resultado da capitalización ó interés básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual
  - Este último, se aquel fose menor

#### Artigo 11

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das prantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

#### Artigo 12

Nos supostos de expropiación forzosa a porcentaxe correspondente aplicarase sobre o menor dos dous valores seguintes:

- A parte do xustiprezo que corresponda ó valor do terreo
- O calculado conforme ó artigo 9 da presente Ordenanza

#### Artigo 13

Cando se fixen, revisen ou modifiquen os valores catastrais, e sempre que estes novos valores sexan superiores aos ata entón vixentes, tomarase a efectos de determinación da base imponible deste Imposto, como valor do terreo, o da parte de éste segundo as regras contidas na presente Sección, o 50% dos novos valores catastrais durante os cinco primeiros anos dende a entrada en vigor de ditos valores.

### **Capítulo V. Tipo de gravame e cuota tributaria**

#### Artigo 14

A cuota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible, ou no seu caso, bases imposables, o tipo do 24,86%.

#### Artigo 15

Zozarán dunha bonificación do 95% da cuota do imposto, a transmisión de terreos e a transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes e adoptantes cando o ben transmitido ou obxecto dos dereitos reais fose destinado a vivenda habitual do finado ou local afecto á actividade económica exercida por este.

Aos efectos deste artigo equipárase ó cónxuxe a quen tivera convivido co causante con análoga relación de afectividade e acredite en tal sentido, en virtude de certificado emitido ao efecto, a súa inscrición no pertinente Rexistro de Parellas de Feito.

Con carácter xeral considerarase vivenda habitual do causante a edificación que constitúa a súa residencia durante un prazo continuado de, alo menos, tres anos, nos termos establecidos no artigo 54 do Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aprobado por Real Decrto 439/2007 de 30 de marzo.

Para gozar da presente bonificación, os suxeitos pasivos deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Para que os descendentes, adoptados, ascendentes ou adoptantes teñan dereito á bonificación, deberán probar a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ó falecemento. A Administración Municipal considerará acreditada dita circunstancia cando os suxeitos pasivos a que se refiren ditos apartados, se atopen empadroados na vivenda habitual do causante durante o prazo sinalado, o que se comprobará de oficio pola Administración aos efectos de aplicación e mantemento da bonificación regulada neste artigo
- b) Os descendentes e adoptados e ascendentes e adoptantes deberán manter o inmovible recibido como vivenda habitual por un prazo de tres anos posteriores ao falecemento. Esta circunstancia será tamén comprobada de oficio segundo o sinalado no apartado anterior.
- c) A titularidade do ben adquirido, no suposto da vivenda habitual, debe manterse durante os cinco anos seguintes ó falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro dese prazo. Tratándose de locais afectos ó exercicio da actividade da empresa individual ou familiar ou negocio profesional da persoa falecida, será preciso que o sucesor manteña a adquisición e o exercicio da actividade económica durante os cinco anos seguintes, salvo falecemento neste prazo.

No suposto de non cumprirse calesquera dos requisitos establecidos, deberá aboarse a parte do imposto que se tivera deixado de ingresar e os xuros de demora.

## **Capítulo VI. Deveño e periodo impositivo**

### **Sección 1ª. Deveño**

#### Artigo 16

1. O imposto devéñase:
  - a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión
  - b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a transmisión ou constitución
2. Aos efectos do disposto no apartado anteriore considerarase como data da transmisión:
  - a) Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou

inscripción nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

- b) Nas subastas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase excepcionalmente a data do auto ou providencia aprobando o remate se no mesmo queda constancia da entrega do inmovible. En calquera outro caso, estarase á data do documento público
- c) Nas expropiacións forzosas, a data do acta de ocupación e pago
- d) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante

#### Artigo 17

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle tivera producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non teña producido efectos lucrativos, si a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución algunha.
2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avenencia no acto de conciliación e o simple aplanamento á demanda.
3. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa calificación farase con arreglo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que ésta se cumpla. Se a condición fose resolutoria esixirase o imposto dende logo, a reserva, cando a condición se cumpla, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

### **Sección 2ª. Periodo impositivo**

#### Artigo 18

1. O periodo de imposición comprende o número de anos ó longo dos que se pon de manifesto o incremento real do valor dos terreos de natureza urbana e computarase dende o deveño inmediato anterior do imposto, co límite máximo de vinte anos.
2. Na posterior transmisión dos terreos a que se refiren os actos non suxeitos reseñados no artigo 3, entenderase que o número de anos ó longo dos que se puxo de manifesto o incremento do valor non se tivo interrompido por causa



de ditos actos e, por tanto, tomarase como data inicial do período impositivo a do último deveción do imposto.

3. Nas adquisicións de inmobles no exercicio do dereito de retracto legal, considerarase como data de iniciación do período impositivo a que se tomou ou tivo de tomarse como tal na transmisión verificada a favor do retraído.
4. Na primeira transmisión do terro posterior á consolidación ou liberación do dominio por extinción do usufructo, tomarase como data inicial a da adquisición do dominio polo nudo propietario.

## **Capítulo VII. Xestión do imposto**

### **Sección 1ª. Obrigas materiais e formais**

#### Artigo 19

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar declaración ante a Administración Municipal, nos prazos seguintes:
  - a) Nas transmisións inter-vivos e na constitución de dereitos reais de goce, así como nas doazóns, dentro dos 30 días hábiles seguintes a aquel no que tivera lugar o feito imponible
  - b) Nas transmisións mortis-causa, dentro do prazo de seis meses a contar dende a data de falecemento do causante ou, no seu caso, dentro da prórroga a que se refire o parágrafo seguinte.

Con anterioridade ó vencemento do prazo de seis meses antes sinalado, o suxeito pasivo poderá instar a prórroga do mesmo por outro prazo de ata seis meses de duración, que entenderase tácitamente concedido polo tempo concreto solicitado.

2. A declaración practicarase en impreso que ó efecto facilitará a Administración Municipal consignando os datos imprescindibles para a realización da oportuna liquidación, e será suscrito polo suxeito pasivo ou o seu representante legal, debendo acompañarse con ela fotocopia do DNI ou NIF, Tarxeta de residencia, Pasaporte ou CIF do suxeito pasivo, fotocopia do último recibo do Imposto sobre Bens Inmobles e copia simple do documento notarial, xudicial ou administrativo en que conste o acto, feito ou contrato que orixina a imposición. Tratándose de transmisións por causa de morte, ademáis, duplicado ou fotocopia do escrito dirixido ó abogado liquidador do imposto sobre sucesións e doazóns ou xustificante acreditativo de ter practicado autoliquidación do mesmo, así como documento acreditativo do parentesco co causante.
3. Cando o suxeito pasivo considere que a transmisión da propiedade ou, no seu caso, a transmisión ou constitución de dereitos reais de goce deba declararse exenta o non suxeita, presentará declaración ante a Administración dentro dos prazos establecidos nos apartados anteriores, segundo o caso, acompañada do documento en que conste o acto ou contrato orixinador do feito imponible e aquél en que fundamente o seu dereito. Se a Administración considerara improcedente a exención alegada, practicará liquidación provisional que notificará ó interesado.

4. Os ingresos correspondentes a declaracións-liquidacións, así como as liquidacións derivadas das declaracións presentadas fora de prazo sen requerimento, sufrirán os recargos, e no seu caso, xuros de demora a que se refire o artigo 27 da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 20

As liquidacións do imposto notificaranse íntegramente ós suxeitos pasivos con indicación do prazo e lugar de ingreso, así como dos recursos procedentes.

#### Artigo 21

1. Con independencia do disposto nos artigos precedentes, están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:
  - a) Nos supostos contemplados na letra a) do apartado 1 do artigo 6 da presente Ordenanza, sempre que se teñan producido por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate
  - b) Nos supostos contemplados na letra b) de dito apartado, o adquirente ou a persoa a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate
2. A comunicación conterá, como mínimo, os datos seguintes: lugar e notario autorizante da escritura; número de protocolo de ésta e data da mesma; nome e apelidos ou razón social do transmitente; DNI ou NIF de éste e o seu domicilio; nome e apelidos e domicilio do representante, no seu caso; situación do inmovible, participación adquirida e cuota de copropiedade se se trata de finca en réxime de división horizontal.

#### Artigo 22

Asimesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifestó a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles teñan sido presentados para coñecemento ou lexitimación de firmas. O previsto neste apartado enténdese sen perxuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

Na relación ou índice que remitan os notarios ó Concello, éstos deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmoibles cando dita referencia se corresponda cos que sexan obxeto de transmisión.

Os notarios advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen, sobre o prazo dentro do que están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto e, asimesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións.

#### **Sección 2ª. Inspección e recadación**

#### Artigo 24

A inspección, recadación e calificación de infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, realizarase de acordo co previsto pola Lei Xeral Tributaria, así como nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

En todo caso, consideraranse infracción tributaria simple:

- a non presentación en prazo de declaración ou comunicación dos obrigados a realizalas
- a desatención dos requerimentos que realice a Administración ós suxeitos pasivos, con prazo de cumprimentación dun mes prorrogable por 15 días a solicitude do interesado, para que aporten documentos que estime necesarios para levar a cabo a liquidación do imposto.

#### Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia” e comezará a aplicarse ó día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi aprobada por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada definitivamente no BOP número 263 de 17 de novembro de 2011